

Cada día que tenemos clase (los martes, 4º b y 4º c y los jueves 4º a), vamos a leer una unidad (cada unidad consta de varias lecciones). En la primera clase, leemos la unidad I; en la segunda clase, la unidad II y así sucesivamente

EDUCACIÓN PARA LA CIUDADANÍA

UNIDADE I – A NATUREZA SOCIAL E POLÍTICA DO SER HUMANO

Lección 1º - A necesidade de vivir en sociedade

Os seres humanos vivimos en sociedade e o facemos porque o necesitamos, porque no nos queda máis remedio que facelo, aínda que ó final, como veremos agora mesmo, facemos da necesidade virtude (convertemos algo que nos é imposto dende fora en algo querido e elixido por nos mesmos).

Que significa que é necesario vivir en sociedade? Quere dicir que os seres humanos non podemos vivir illados, sos, separados os uns dos outros, senón que temos que vivir xuntos ou do contrario nos extinguiríamos. A vida en común, a convivencia, permítenos cooperar que é o gran fin da vida social. Cooperamos cando coordino a miña actividade coa de outras persoas para co esforzo de todos conseguir un obxectivo. Neste momento, por exemplo, estou participando nunha actividade cooperativa na clase: estou cooperando co profesor e cos meus compañeiros para acadar o obxectivo de aprender cousas novas e formarme. O gran de area que eu apporto nesta actividade cooperativa é a seguinte: atendo o profesor, obedezco as súas instrucións e ordes, compórtome como un bo alumno tal como me ensinaron dende pequeno e así chego puntual as clases, non berro senón que falo, coido o mobiliario escolar e non impido nin obstaculizo o desenrolo das clases falando ou movéndome pola aula sen ton nin son.

Cales son os fins da cooperación social, da vida en sociedade? A supervivencia e a mellora da vida. Os seres humanos tomados un a un dende o momento do seu nacemento son seres moi desvalidos. Ningún deles é capaz por si mesmo de sobrevivir neste mundo hostil, cheo de perigos, onde lle tocou vivir. A única maneira de que os seres humanos sobrevivan ós depredadores ou as catástrofes naturais (a fame, as secas, as inundacións, os terremotos, as erupcións volcánicas, as glaciacións ou as epidemias) é que os seres humanos vivamos en sociedade.

Como acabamos de ver, para os seres humanos vivir en sociedade e unha necesidade. Se non vivimos en sociedade, non sobrevivimos. Pero ademais, os seres humanos decidimos “facer da necesidade virtude”. Comprendemos que vivir en sociedade non so permite a nosa supervivencia senón que tamén pode mellorar a nosa vida. Os seres humanos temos facultades que non teñen os animais e tamén una gran capacidade para o aprendizaxe. Pois ben, só dentro da sociedade podon desenrolar esas facultades e aprender cousas novas, cousas boas e

necesarias para a mellora da miña vida. Por exemplo, só vivindo en sociedade podo aprender a falar (e dicir, desenrolar as miñas facultades lingüísticas), o que me permitirá posteriormente comunicarme cos meus semellantes e cooperar con eles. É por iso polo que podemos dicir figuradamente que vivir en sociedade permítelle o ser humano abandonar a selva e vivir na cidade, un lugar onde se sente máis seguro, onde pode vivir una vida máis cómoda (non tan brutal, sórdida e miserable como é a vida que viven tódolos animais) e onde pode desenvolver todas as súas excepcionais capacidades (dende arar os campos para que lle dean o alimento que necesita ata xogar o fútbol polo mero pracer de practicar este deporte).

Lección 2º - Cidadáns dun Estado e cidadáns do mundo

Na lección pasada estivemos explicando por que o ser humano vive en sociedade. A seguinte pregunta que temos que facernos é en que sociedade vivimos nos, cal é a sociedade a que pertencemos, na que nos integramos e da que formamos parte. A resposta é un pouco chocante porque non formamos parte dunha única sociedade senón de varias o mesmo tempo. Cales son estas?

1º A primeira sociedade, o primeiro grupo social no que me integro é a miña familia. A familia é o grupo humano o que estou máis estreitamente vinculado, unido a el por poderosos lazos emocionais. A familia é o único

grupo humano que funciona por principios de solidariedade, e dicir, nunha familia os seus membros se axudan entre si desinteresadamente, dun modo altruísta, non por interese ou por diñeiro.

2º O seguinte grupo humano o que pertencemos é a aldea ou cidade na que vivimos. É a nosa ciudadanía local. Nos por exemplo somos vilagarcíans, veciños de Vilagarcía. A cidadanía local caracterízase pola relación de cercanía, de vecindade, de proximidade con aqueles que son os nosos veciños e cos cales podemos chegar a manter relacións directas, relacións cara a cara. Con eles compartimos un espazo, uns servizos, uns mesmos problemas, etc. En conclusión, se a miña primeira identidade social é ser membro da familia ..., a miña segunda identidade social é ser veciño de Vilagarcía.

3º Ademais de formar parte dun vecindario, e dicir, dunha cidade, pobo ou aldea, todos integramonos nunha sociedade de grandes dimensións, de dimensión mastodónticas, da que forman parte millóns de persoas e que está estendida ademais por un vasto territorio. Esa sociedade está composta neste momento por 45 millóns de persoas asentadas nun territorio duns 500.000 Km cadrados. Esta sociedade é moito máis

numerosa ca miña minúscula familia e incluso que a cidade na que vivo (Vilagarcía ten uns 40.000 habitantes empadroados). Esa sociedade da que estamos a falar é a sociedade española. Como é posible que tanta xente poda vivir e formar parte dunha mesma sociedade, xente que probablemente nunca chegará a coñecerse entre si? Porque a sociedade española está organizada politicamente, e dicir, todos os españois sometémonos a una mesma lei e obedecemos a una mesma autoridade. Esa lei e autoridade común é o Estado español. E dicir, a sociedade española existe porque decidiu organizarse politicamente e instituír o Estado español. Grazas a existencia do Estado, 45 millóns de persoas poden formar una mesma sociedade (unha sociedade política): a

sociedade española, Que somos en canto membros da sociedade española? Somos cidadáns españois. Ser españois é a nosa cidadanía política.

4º Finalmente, podemos considerar que tódolos seres humanos, independentemente do Estado ou nación a que pertencen, se integran (non politicamente senón moralmente) nunha última comunidade: a gran familia humana, a humanidade. En canto membros desta comunidade temos una nova cidadanía, a cidadanía cosmopolita e somos cidadáns do mundo. En virtude dela, podemos e debemos considerar a tódolos homes os nosos semellantes, os nosos iguais, os nosos irmáns, aínda que non sexan membros da nosa familia, nin os nosos veciños, nin tampouco os nosos compatriotas.

Lección 3º- Unha sociedade xusta e feliz

Nas clases anteriores estivemos explicando que o ser humano ten que vivir en sociedade, por que ten que facelo e en que tipo de sociedades ou grupos se integra (familia, concello, nación, ...). Agora o que imos tratar é o problema seguinte: Como se fai unha sociedade?

Os seres humanos somos animais. Pero como uns animais moi especiais xa que temos a capacidade de crear e fabricar cousas. Todo o que os homes fabricamos son produtos artificiais, non naturais. E por isto polo que se di que o ser humano é un animal cultural, porque crea e produce artificialmente cousas novas, cousas que non existen na natureza como

por exemplo ferramentas, casas, vestidos, coches, pero tamén linguas, crenzas, costumes, relixións, obras de arte, etc.. De tódalas creacións culturais, de tódolos produtos artificiais inventados polos homes o máis importante é a sociedade mesma, pois do mesmo modo que os homes somos capaces de deseñar e fabricar unha mesa ou unha casa, tamén somos capaces de deseñar e construír sociedades, as sociedades nas que vivimos.

A sociedade humana non é a única sociedade que existe no mundo. Hai outras moitas especies animais distintas a nos que tamén viven en sociedade: insectos como as abellas ou as formigas, paxaros como as gaivotas, peixes e mamíferos como as ovellas ou os lobos. A estas especies de animais que manifestan algunha forma de vida social as chamamos especies gregarias e a súa sociabilidade a denominamos tamén sociabilidade gregaria (a palabra “gregario” procede do termino “grei” que significa rabaño). O que diferencia a sociedade humana das sociedades animais é que a sociabilidade humana non é unha sociabilidade gregaria. Vexamos por que. As sociedades animais (un formigueiro, unha colmea ou unha manada de lobos) son un produto da natureza, do instinto, mentres que a sociedade humana é creada polo

mesmo ser humano, é unha creación cultural, é un produto artificial (como unha casa ou unha moto), é o froito non do instinto senón da intelixencia humana.

A sociedade humana pode estar ben ou mal deseñada. Lle ocorre o mesmo que lle acontece a tódalas cousas que os seres humanos creamos, fabricamos. Tamén unha casa ou unha mesa poden estar mal deseñadas ou mal fabricadas, mal construída. Cando a sociedade humana non está ben deseñada e ben fabricada, e dicir, ben feita, ben ordenada, dicimos dela que é unha sociedade inxusta. Cando pola contra si o está, dicimos dela que é unha sociedade xusta. Para fabricar ou crear un obxecto, por

exemplo, unha mesa por parte de un carpinteiro é necesario ter un coñecemento técnico (no caso dun carpinteiro, o coñecemento da carpintería). O coñecemento dun oficio como o de carpinteiro é unha habilidade manual, práctica. Pois ben, a política é tamén un arte, un oficio: o oficio de saber deseñar e facer boas sociedades. A arte da política require ter coñecementos teóricos (o político ten que ter un proxecto de goberno da sociedade) é a habilidade práctica para lévalo a cabo e realizalo. A palabra que utilizamos para indicar que o político diseña e ordena a sociedade é a de “goberno”. A política é polo tanto a actividade humana a través da cal se ordena, se goberna a sociedade.

Agora xa so nos queda por dilucidar as seguintes cuestión:

1º que é o que diferenza un bo dun mal goberno?

2º quen debe gobernar?

Vamos a rematar esta lección falando da relación que existe entre a política e a felicidade. Se nos preguntamos de que depende a nosa felicidade, a resposta é que de dúas cousas: 1º de nos mesmos e 2º da sociedade na que vivimos.

Empecemos por esta última condición. Se vivimos nunha sociedade mal ordenada, nunha sociedade na que non podo disfrutar dunha situación de paz, de seguridade, de liberdade, de xustiza e igualdade e tamén de prosperidade non podo ou me sería moi difícil acadar a felicidade (vivir nunha sociedade próspera significa vivir non nunha sociedade rica, opulenta, senón nunha sociedade da que está desterrada a miseria, e dicir, nunha sociedade na que as necesidades básicas de saúde, alimentación, vestido e educación están cubertas). É moi difícil chegar a ser feliz se un vive en tempos de guerra ou sofre as súas consecuencias. É moi difícil, case imposible, ser feliz se un vive sen seguridade e con medo. É imposible ser feliz se un pasa fame ou vive hacinado nunha vivenda

miserable ou non poder recibir a asistencia dun médico se un cae enfermo. Tampouco se pode ser feliz se a un lle toca vivir nunha sociedade na que lle oprimen, lle tratan inxustamente e lle discriminan (pola súa raza, por ser muller, por ser pobre ou por ser estranxeiro). Finalmente, é difícil chegar a ser feliz se nos está vedada a posibilidade de adquirir unha boa formación (a lo menos, non ser analfabetos) a través da educación.

En segundo lugar, a nosa felicidade depende de nos mesmos, do que fagamos coa nosa vida. É a nosa responsabilidade. Pero isto é algo do que falaremos un pouco máis adiante.

Lección 4º - Os fins da sociedade e da política

Antes de continuar co desenrolo da materia, é necesario aclarar e deixar ben asentado cal é o fin (o obxectivo, a meta última) da vida en sociedade e polo tanto tamén da política (pois como acabamos de ver, a política non é outra cousa que o arte de organizar ben a vida en sociedade).

Todos os que formamos unha mesma sociedade compartimos un proxecto, un mesmo fin. Cal é ese proxecto, ese fin? A razón pola que os seres humanos vivimos xuntos é a cooperación. Vivimos en sociedade para poder traballar cos nosos semellantes e así poder axudarnos os uns

os outros. Un home que vivirá so, en caso de que puidera sequera sobrevivir, tería que ser capaz de inventalo todo por si mesmo (pois ninguén lle habería ensinado as cousas que necesita e lle gustaría saber facer) e o tería que facer tamén todo el (dende obter alimento ata construírse una vivenda onde aloxarse para protexerse das alimañas e das inclemencias do tempo). Como vivimos pola contra sempre en grupo, temos a posibilidade de que os nosos semellantes de máis idade nos transmitan os seus coñecementos e experiencias a través da educación (todo ese tesouro de saberes que acumulan as xeracións máis vellas e que transmiten ás novas chamase cultura; a cultura é o conxunto de tódalas invencións que una sociedade creou o longo do tempo para dar solución ós problemas cos que se tivo que enfrontar). Tamén, porque vivimos en grupo, podemos dividir entre todos o traballo e especializarnos en unha o unhas poucas tarefas na confianza de que os nosos semellantes farán por nos o que nos non sabemos facer (o mesmo tempo que nos facemos por eles o que eles non fan): Por exemplo: os meus país son gandeiros e teñen una pequena granxa de vacas; grazas o seu traballo, hai centos de persoas que poden beber todos os días leite sen ter que ocuparse de coidar vacas; do mesmo modo, os meus país saben que poden obter todo o que necesitan dos seus semellantes sen ter que facer o traballo correspondente para conseguilo (e así, non teñen que ocuparse de ensinar a ler e escribir os seus fillos porque esa labor a fan os mestres do colexio ó que vou eu e os meus irmáns).

A vida en sociedade é por iso a tupida rede de colaboracións que se establecen entre tódolos seus membros. Pero é que, por añadidura, se cooperamos entre nos e organizamos ben esa cooperación, gañamos algo máis que é aínda máis importante que non ter que inventalo todo e facelo todo: logramos mellorar a nosa vida e a de todos os membros da sociedade. A esta mellora da vida de todos é o que dende antigo denominamos o ben común.

En qué se cifra o ben común? En qué cousas podemos esperar lexitimamente unha mellora da nosa vida? Nas seguintes cousas:

1º Paz e seguridade: o mundo é un lugar moi perigoso e queremos poder chegar a vivir sen medo e non tendo que padecer e sufrir ningún tipo de violencia.

2º Saúde e maior benestar material: queremos cubrir cada vez mellor as necesidades básicas dun maior número de persoas (a necesidade de recibir asistencia sanitaria cando a requirimos, alimentación, vivenda, etc.).

3º Desenrolo social: o desenrolo social se cifra nas seguintes cousas

a) **Educación:** a educación é clave para o meu desenvolvemento como una persoa verdadeiramente libre.

b) **Igualdade** xa que a igualdade é boa e necesaria para as persoas por moitas razóns:

1º fai mais fácil manter unidas e cohesionadas as sociedades porque as sociedades igualitarias son menos conflitivas que as desigualitarias;

2º por outro lado, dende os tempos dos antigos gregos sabemos que un tipo de igualdade e imprescindible para poder vivir civilizadamente, a igualdade xurídica e política que consiste en que todos somos iguais ante a lei (cos mesmos dereitos e deberes) e en que ninguén pode arrogarse o dereito de mandarnos: as polis gregas de antigüidade foron as primeiras sociedades democráticas da historia, unhas sociedades nas que todos os homes eran xuridicamente e politicamente iguais; por iso so recoñecían como única autoridade lexítima a autoridade das leis (leis que eles mesmos facían) e so tiñan como

gobernantes a persoas que eles mesmos elixían e os que permitían gobernarlles so pola súa utilidade)

c) **Liberdade e pluralidade:** este é o fin máis importante dunha boa cooperación social, facer posible que se dean tódalas condicións (benestar material, educación, igualdade política) para que eu poida sentirme dentro da sociedade (e asumindo as miñas obrigas e deberes para con ela) un ser libre.

Cando chego a ser libre? Cando logro vivir como unha persoa entre persoas (e dicir, sendo tratado pola sociedade como unha persoa e tratando eu os demais como persoas).

Se este fin último non se da, ou sexa, se a meta última da cooperación social non é a liberdade do individuo, esa sociedade, aínda que consiga o benestar material ou a igualdade dos seus membros, perde a súa lexitimidade, non pode ser considerada unha **sociedade xusta**.

É a política? O fin da política, a tarefa dos políticos é organizar ben a cooperación social para que se poida acadar o ben común: o benestar material, a paz e seguridade, educación, a igualdade e, por encima de todo, a liberdade de tódolos membros, sen exclusións, da sociedade.

UNIDADE II – A RESOLUCIÓN INTELIXENTE DOS CONFLICTOS (pequeno catecismo para a resolución dos conflitos)

O longo da vida, os humanos encontrámonos sumidos en todo tipo de problemas e conflitos.

Que é un problema? Un problema é unha dificultade, un obstáculo que nos impide conseguir o que queremos.

Que é un conflito? Un enfrontamento, unha loita ou pelexa entre dúas partes que se opoñen e interfíren a unha a outra: dous individuos, dous grupos, dúas nación.

Por que os seres humanos temos problemas? Porque o mundo no que vivimos non é perfecto, non é un paraíso. E dicir, o mundo non se axusta as nosas necesidades e desexos.

Por que hai conflitos? Temos conflitos fundamentalmente por dúas razóns:

- porque as persoas teñen desexos contrapostos, queren cousas contrarias entre si. Por exemplo. Os meus país aínda que teña dezaseis anos queren que siga cos estudos mentres que eu quero poñerme xa a traballar.

- porque as persoas as veces competimos por unha mesma cousa. Por exemplo, dúas rapazas que queren saír co mesmo rapaz. As cousas polas que normalmente os seres humanos compiten son: diñeiro, poder e fama. Entre as nacións, a causa fundamental dos conflitos son os territorios: a loita polo control dos territorios é a causa da maioría das guerras.

En que niveis poden aparecer os problemas e conflitos?

- **o nivel persoal:** os problemas e os conflitos afectan exclusivamente a un individuo e o seu entorno máis cercan. Exemplos: o meu pai queda en paro; unha discusión entre dúas amigas.

- **o nivel nacional:** os problemas e conflitos afectan a tódolos membros dunha nación. Exemplo: a crise económica que temos agora en España (pero que non teñen en Brasil ou en China); a guerra civil que desatouse en Siria.

- **o nivel global ou mundial:** vense afectadas as persoas de todo o mundo. Exemplo: o cambio climático (neste caso, o problema chega incluso a afectar as xeracións vindeiras); unha guerra internacional.

Como poden ser os problemas e conflitos? En cada un dos niveis, os problemas e os conflitos poden ser grandes ou pequenos. Exemplo: as guerras ou a fame son grandes problemas; a negativa de Irlanda a aprobar o último tratado da Unión Europea é un pequeno problema.

Por que necesitamos resolver os nosos problemas e conflitos? Necesitamos encontrar a solución os problemas e conflitos porque queremos ser felices. Estes non só impídenos acadar a felicidade senón que poden cegar a facernos moi infelices porque producen sufrimento.

Que ferramenta hai que utilizar para resolver os problemas e conflitos que temos? Para encontrar a solución das nosas tribulacións, temos os seres humanos a intelixencia.

Que ten máis fácil solución, os problemas ou os conflitos? Os problemas son de máis fácil solución que os conflitos. **Por que?** Os problemas requiren só unha solución técnica. Nos conflitos, o enfrontarse seres humanos se require ca solución sexa satisfactoria para as dúas partes. Por iso podemos dicir que os problemas requiren solucións eficaces mentres que os conflitos esixen solucións xustas. Exemplo: é máis fácil resolver o problema da fame nun país que poñer fin a unha guerra civil.

Cando unha solución é xusta? Cando atende, toma en consideración e valora imparcialmente as razóns, os intereses lexítimos das partes enfrontadas. Exemplo: o enfrontamento entre pais e fillos pola hora de chegada a casa os fins de semana.

Como se solucionan os conflitos? Se solucionan encontrando un método eficaz para determinar quen ten razón ou en que ten razón cada unha das partes enfrontadas.

En que consiste ese método? Nun conxunto de regras que nos permiten acadar o noso obxectivo: encontrar unha solución o conflito e que esa solución sexa xusta.

Cales son esas regras?

Primeira regra: non utilizar nunca a violencia. As solucións xustas so se poden acadar se, para empezar, prohibímonos o recurso a forza ou a imposición. A violencia é mala sempre porque **1º** fai dano (físico e psíquico) e **2º** non permite acadar solucións xustas os conflitos xa que unha das partes aprasta a outra para saírse coa súa e impoñer os seus intereses. Incluso a violencia é mala para a parte que se serve de ela para impoñer a súa vontade. Por que? Porque a violencia deshumaniza sempre, tamén ó que fai uso de ela.

Segunda regra: rebaixar o grao de tensión (non é fácil encontrar unha solución xusta cando as persoas están moi excitadas ou enfadadas entre elas). É por iso polo que temos que tranquilizarnos e intentar estar serenos (as emocións non son boas para resolver os conflitos; a resolución dos conflitos requiren tranquilidade de ánimo)

Terceira regra: e buscar o entendemento. Como logramos isto? Escoitando e dialogando. Require mais intelixencia e mais comunicación. Do que se trata e de determinar quen ten razón, en que ten razón e por que a ten. Para logralo e necesario:

1º que cada parte sexa capaz de pensar por si mesma (do modo máis obxectivo, desprexuzado e desinteresado posible) acerca de:

a) cales das reclamacións do opoñente son lexítimas e xustificadas (“xustificables” significa que se poden dar razóns que demostran a súa lexitimidade). Require ser capaz de “poñerse no lugar do outro”, ser capaz de empatizar con el, cos seus intereses e cos seus desexos. Por exemplo, no conflito entre padres e fillos pola

hora de chegada a casa, os fillos teñen que entender o dereito lexítimo dos pais a preocuparse por eles e por iso a impoñerlles unha hora para volver a casa. Un fillo que pensa que “os seus pais non teñen que meterse na súa vida” está totalmente equivocado o respecto, e dicir, non comprende ós lexítimos dereitos que teñen os seus pais de preocuparse a que hora volve a casa en aras da súa educación. Este fillo non é razoable, non se comporta razoablemente. O mesmo sucede a inversa. Uns pais que son incapaces de comprender que conforme o seu fillo vai crescendo teñen que ir ampliando os marxines de liberdade do seu fillo, non poden aspirar a que este acepte voluntariamente e de boa gana os horarios que lle impoñen. Eses pais tampouco son razoables.

b) cales das súas reclamacións son ilexítimas e inxustificables. Require ser capaz de poñer entre paréntese algúns dos nosos propios intereses. E dicir, temos que lograr sobrepoñernos o espontáneo e natural egoísmo que sentimos con respecto os nosos desexos (para cada un de nos, os desexos de cada quen están xustificadas simplemente por ser os seus; neste consiste o egoísmo: en considerar que un desexo é lexítimo para alguén simplemente porque é o seu desexo, sen ter en conta a bondade ou maldade de ese desexo ou sen atender os desexos e intereses dos demais que poden ser tan lexítimos como os seus). Neste apartado, o importante é descubrir se algún dos nosos desexos é intrinsecamente malo, e dicir, dañino para outra persoa. Nese caso, o único que podemos facer é reprimir, prohibirnos a nos mesmos ese desexo: negarnos a conseguir a súa satisfacción. Por exemplo, cando unha persoa contrata a outra para facer un traballo (por exemplo, a limpeza da súa casa), como é natural, desexa pagar o menos posible, por exemplo menos do salario mínimo (menos de 310 euros o mes por catro horas de traballo) ou non pagarlle a Seguridade Social (para unha empelada doméstica é unha cota duns 170 euros o mes). Por iso, aínda que

unha persoa desexe pagar o menos posible e poida facelo (porque ninguén lle controla e moita xente está disposta a aceptar o salario que lle queira pagar porque hai moito paro, por exemplo), ten que darse conta que o seu interese de pagar o menos posible é en ese contexto ilexítimo por ser malo, prexudicial para outras persoas.

2º que as dúas partes dialoguen entre elas. Hai que facelo por dúas razóns:

a) Aínda que cada parte faga o maior esforzo por comprender por si mesma a outra parte, sempre é posible que non chegue a entendela, que non chegue a descubrir que é o que esta desexa e cales son as razóns polas que o desexa. A única maneira de chegar a entender correctamente os desexos dos nosos opoñentes é deixándolles falar, escoitando atentamente e deixando que estes nos corrixa se non interpretamos correctamente o que nos reclaman. Por exemplo, nas pelexas entre amigos, ou dentro dunha parella, aínda que exista a intención por entender o mellor posible a outra parte, pode suceder que ese entendemento non chegue ata que escoitemos a outra parte e esta nos explique que é o que nos pide, o que, do que fixemos, lle fixo dano e doeulle. Falar é imprescindible, polo tanto, para coñecer mellor as razóns dos outros e poder entendelas. En conflitos moito mais graves, e moi importante que as parte enfrontadas se senten xuntas e fagan un esforzo por escoitarse (por exemplo, en España o terrorismo vasco houbera desaparecido antes se a sociedade vasca non invisibilizara as vítimas do terrorismo e as houbera escoitado).

b) Nalgúns casos, os desexos das dúas partes son lexítimos pero incompatibles (imposibles de realizar a vez). Nese caso, a única solución é a negociación: que a dúas partes acorden en que medida e de que forma van a renunciar a parte dos seus intereses

para así facelos conciliables. Por exemplo, nas negociacións colectivas dos salarios dos traballadores que se fan todos os anos entre as organizacións empresariais e os sindicatos, os representantes dos empresarios desexan lexitimamente subir o menos posible os salarios dos seus traballadores e os representantes dos traballadores o inverso. Ambas reclamacións son lexítimas e para facelas compatibles teñen que encontrar un punto de encontro, un punto de equilibrio, un punto que as dúas partes podan considerar razoable: unha cantidade de subida salarial que satisfaga os desexos contrapostos das dúas partes.

Que ocorre se as partes enfrontadas non se poñen de acordo? Cando as persoas non saben poñerse de acordo entre si por si mesmas, deben buscar un mediador (un árbitro) que lles axude a entenderse. Exemplo: os pais son mediadores nos conflitos entre irmáns; no instituto, un conflito entre dous alumnos pode ser resolto grazas a intervención dun compañeiro que actúa como mediador.

Así é como se resolven os conflitos a nivel individual ou de pequenos grupos. Pero,

Como se resolven os problemas e os conflitos a nivel de toda unha nación? Na vida das sociedades e das nacións (mais alá dos pequenos grupos dos que formamos parte como a familia ou a pandilla) e moi difícil encontrar a solución os conflitos e os problemas. Coa finalidade de resolvelos, as sociedades crean os Estados. Nun principio, fai xa moitos séculos, os Estados so tiñan interese en exercer o poder, en manda e dominar. Pero conforme os Estados foron evolucionando, foron civilizándose ata converterse no principal instrumento co cal as

sociedades poden resolver os seus problemas e conflitos e conseguir ordenar xustamente a convivencia.

Como o lograron? Establecendo as tres grandes institucións do Estado: o Goberno, o Parlamento e os Tribunais de Xustiza. Estes son os tres poderes do Estado: o goberno e o poder executivo, o parlamento o poder legislativo e os tribunais o poder xudicial. A función do goberno e resolver os problemas da nación. A función do parlamento é elaborar as leis que fan posible ordenar xustamente a convivencia e a dos tribunais de xustiza resolver os conflitos aplicando as leis.

Como o goberno resolve os problemas que ten unha sociedade? Creando organismos que lles dean solución. Exemplos: os problemas relacionados coa seguridade resólvense grazas a intervención da policía e o exército (as ben chamadas forzas e corpos de seguridade do Estado); os problemas relacionados coa saúde dos cidadáns co sistema sanitario (a rede de hospitais públicos); os relacionados co a comunicación e infraestruturas do país co ministerio de obras públicas, etc.

E os conflitos? A gran ferramenta para resolver os conflitos son as leis e os tribunais de xustiza. Os Estados encárganse de ditar leis (o fan os parlamentos) e nomear xuíces. As leis son elaboradas polos parlamentos. Os xuíces interveñen nas disputas resolvendo os conflitos aplicando as leis previamente creadas polos parlamentos. Os xuíces non son mediadores. Están investidos dunha autoridade polo Estado e a sociedade que lles otorga a potestade de resolver os conflitos.

Como o fan? Determinando 1º quen ten razón nunha disputa (esta razón non é a razón moral senón a razón legal; o xuíz establece quen ten a razón legal nun conflito) e 2º aplicando unhas leis que foron elaboradas ad hoc (a propósito) polos parlamentos para resolver ese tipo de disputas. A función dos xuíces non é conseguir que as persoas enfrontadas logren entenderse e poñerse de acordo (e por iso polo que dicimos que non son mediadores) senón resolver os conflitos zanzando definitivamente as

disputas gústelles ou non lles guste aos implicados a resolución adoptada polo xuíz na súa sentenza.

Como se resolven os problemas e conflitos a nivel internacional? A nivel internacional, os problemas so poden ser resoltos a través da cooperación dos Estados. Estes crearon organismos internacionais que intentan axudar a resolver os problemas e conflitos supranacionais, aqueles que afectan a varios países, dous como mínimo, ou incluso a toda a humanidade (problemas e conflitos globais). O organismo internacional mais importante é a ONU (Organización das Nacións Unidas). Os seus órganos principais son:

- a Asamblea Xeral (co sede en Nova Iorque).
- o Consello de Seguridade (co sede en Nova Iorque).
- a Secretaría Xeral (co sede en Nova Iorque).
- o Tribunal Internacional de Xustiza (co sede en A Haia)

Ademais, existen dentro da ONU tamén organismos especializados:

- UNICEF: é a organización para a protección e o desenvolvemento da infancia.
- UNESCO: o seu obxectivo é a cooperación e o desenvolvemento cultural (a súa sede está en París).
- ACNUR: é o alto comisionado para os refuxiados de guerra (a súa sede está en Xenebra).
- Cascos Azuis: é un exército internacional de interposición.

As persoas particulares tamén crean asociacións coa intención de axudar a paliar e resolver os problemas e conflitos que hai hoxe en día no mundo. Estas asociacións non foron creadas nin están dirixidas polos Estados. É por iso polo que se chaman ONG, Organizacións non gobernamentais, e dicir, non estatais. A máis antiga creouse no século dezanove. É a Cruz

Vermella que se encarga da asistencia médica en situacións de conflito bélico. Outras tamén dedicadas a asistencia médica son “Médicos sen fronteiras”, “Médicos Mundi”, etc. Intermón Oxfam e Caritas dedícanse a paliar os problemas de pobreza, fame, educación, saúde. Amnistía Internacional loita polos dereitos políticos das persoas que viven baixo réximes ditatoriais e Greenpeace o fai pola conservación do medio ambiente.

UNIDADE 3 – A LOITA POLA FELICIDADE

Limiar

De que trata esta unidade?

Nesta unidade imos falar de moitas cousas distintas: da escravitude na 1ª lección, da discriminación da muller na 3ª lección, da democracia na 2ª lección e, finalmente na 4ª lección e como conclusión da unidade, dos dereitos humanos. Detrás destes variopintos asuntos, como trasfondo, podemos vislumbrar o tema central da unidade: a loita pola dignidade humana.

Punto de partida

Aínda que nos pareza estraño, a crenza na dignidade humana (a crenza no valor das persoas, de tódalas persoas sen distincións de sexo, raza, relixión, nacionalidade ou clase social) e moi recente. O longo de toda a historia da humanidade ningunha sociedade, ningunha cultura, ningunha civilización, practicamente ningunha relixión, creu na dignidade e na igualdade entre os homes. Por exemplo, para os gregos que para nos son o pobo máis culto e civilizado da antigüidade endexamais consideraron a quen non fora grego unha persoa digna de aprecio. Para un grego, todo o quen non o fora era un bárbaro, un servo, un subhumano, unha besta. E do mesmo modo que as bestas naceron para ser bestas e como tal deben ser tratadas, os non gregos naceron para ser escravos (escravos dos gregos, claro) e ese é o seu destino natural. A escravitude dos non gregos así foi xustificada por un dos máis importantes filósofos de aquela época, Aristóteles).

Por que cambiaron tanto as nosas conviccións con respecto a esta cuestión, a dignidade e igualdade entre os homes? Todo comezou coas novas crenzas introducidas por uns visionarios que afirmaban que todos os homes somos iguais e polo tanto como persoas (persoa significa iguais en dignidade). Quen foron estes visionarios? As grandes figuras relixiosas da tradición espiritual xudia: os grandes profetas de Israel e Xesucristo (Xesucristo pertence a gran tradición espiritual dos profetas de Israel; tamén pertence aínda que dun modo máis tanxencial a esta tradición Mahoma). Cal é a mensaxe dos profetas de Israel? Existe só un Deus, o Deus de Israel, que é o mesmo para toda a humanidade. Este Deus é unha persoa (e dicir, un Deus que ama e coida os seres humanos; por iso din os profetas de Israel que Deus non é vingativo senón que ten “entrañas de misericordia”) e todos os seres humanos somos persoas porque somos os seus fillos e fomos feitos a súa semellanza (e dicir, fomos feitos persoas por un Deus persoal).

Cal é a situación actual da cuestión? No mundo moderno, a época na que nos vivimos, seguemos crendo que todos os seres humanos somos persoas. Simplemente que agora para crer nisto non necesitamos ter fe no Deus de Israel nin na divindade de Cristo, nin necesitamos crer que somos fillos dun deus persoal. Non o cremos e punto. No mundo moderno cremos que somos persoas por ser seres racionais, por ser intelixentes e por poder facer un uso intelixente da nosa liberdade. Sen embargo, paradóxicamente, tamén os gregos pensaban que somos seres racionais e sen embargo de iso nunca inferiron que sexamos persoas.

Lección 1º - A loita pola abolición da escravitude

Cando os seres humanos eran cazadores e recolectores, e dicir, na prehistoria da humanidade, non había escravos. Pero cando os homes se fixeron sedentarios, cando inventaron a agricultura e a gandería, cando xurdiu a civilización, tamén apareceu a lacra da escravitude. Dende entón, todas as sociedades foron escravistas ou practicaron algunha forma de escravitude. A única excepción é a sociedade moderna nestes dous últimos séculos.

Que é un escravo? Gando. Un escravo é unha cousa, unha besta, un animal falante pero un animal. Como tal, o escravo se compra e se

vende, se usa e, cando xa non serve para nada, se tira (se deixa morrer). Un escravo é un “ben moble” (unha propiedade que se pode mover é un ben moble; unha propiedade que non se pode mover é un ben inmovible).

Cando a humanidade tomou conciencia do carácter aberrante da escravitude? Foi fai moi pouco tempo. Houbo que esperar a que se estenderan e afianzaran as crenzas humanistas do século da Ilustración, do século XVIII (fundamentalmente, a crenza na igualdade entre os homes e a dignidade das persoas). O primeiro país no mundo en abolir a escravitude foi Inglaterra (o fixo en 1770). En Francia a escravitude foi abolida pouco despois, nos tempos da revolución (finais do século XVIII). Noutros países occidentais houbo que esperar aínda unhas décadas para que a lacra da escravitude fora suprimida: Estados Unidos, e só despois dunha cruel guerra civil, emancipará os escravos en 1865; en España e Portugal haberá que esperar ata 1880 e 1888 respectivamente para ver como a escravitude queda definitivamente derogada. Isto en Occidente. No resto do mundo, retrasouse ata ben entrado o século XX: en Arabia saudita a escravitude foi legal ata 1968; Mauritania foi o último país do mundo en derogar leis que permitían a escravitude (foi en 1980). Sen embargo, aínda que non sexa legal, a práctica da escravitude segue existindo hoxe en día en moitos países do mundo. Por exemplo, en Sudán calquera de nos pode comprar un escravo por uns 75 euros. En Paquistán, en Afganistán ou en Camboxa, os pais venden os seus fillos por unhas moedas. A escravitude tamén existe nos nosos países aínda que aquí, a diferenza dos países anteriores é considerada un delito e é perseguida polas autoridades estatais (pola policía). Estamos a falar de cousas tales como a “trata de brancas” (a escravitude de mulleres que se compran e venden e as que se lles obriga a exercer a prostitución) ou a explotación laboral de traballadores inmigrantes estranxeiros traídos ó noso país por redes clandestinas de tráfico de persoas. Ademais, en moitos lugares do mundo, aínda que non haxa compra e venda de persoas, os traballadores traballan en condicións que poderíamos considerar de semiescravismo.

Lección 2ª - A loita pola igualdade da muller

PUNTO DE PARTIDA

Tódalas sociedades humanas o longo da historia, incluídas as sociedades máis primitivas, as sociedades de cazadores e recolectores cren que as mulleres e os varóns son desiguais por natureza. E de certo o son, ou al menos son diferentes: teñen distintos xenitais, hai dimorfismo sexual (as femias son de menor tamaño, menor altura e teñen un 25% menos de masa muscular que os varóns), as mulleres poden ter fillos e os homes non. En virtude de estas diferenzas naturais, todas as culturas creron que os homes e as mulleres son desiguais por natureza [De feito,

estas diferenzas físicas, a menor capacidade física da muller e sobre todo a súa capacidade reprodutora, tiveron como consecuencia que a muller fora relegada a cumprir a función social de nai (a ter fillos e coidar da súa educación, das tarefas domésticas e de todos aqueles membros da familia que o necesitasen por ser demasiado vellos para valerse por si mesmos o por estar enfermos) e lle fora vetada, prohibida, o acceso a outras funcións sociais distintas do seu rol social de reprodutora e coidadora]. O recoñecemento de esta desigualdade de partida terminará tendo en todas as sociedades e culturas importantes implicacións: as mulleres foron consideradas como inferiores os varóns e por iso consideraban que as femias tiñan que estar sempre sometidas a tutela e a autoridade dos homes. Certamente, todas as sociedades humanas foron “sociedades patriarcais”. Chamamos sociedades patriarcais a aquelas nas que o varón ocupa unha posición social superior que a femia. Nelas, o patriarca posúe dun modo completo e sen límites o seu gando, os seus escravos, os seus criados, os seus fillos e, finalmente, a súa muller. Son as súas propiedades. A muller é unha propiedade do patriarca, do varón.

PUNTO DE CHEGADA. SITUACIÓN NA ACTUALIDADE

Os ideais humanistas do século XVIII, da Ilustración, afirmaban que todos os homes eran moralmente iguais en dignidade, non desiguais por natureza. Cando se afirmou isto non se fixo coa intención de defender a igualdade entre os homes e as mulleres (aínda durante o século XIX foi dominante na sociedade occidental a crenza de que as mulleres son inferiores os homes e que polo tanto, como se de nenos menores de idade se tratase, debían ser tuteladas por eles).

Sen embargo, xa dende finais do século XVIII comezara tamén a loita dalgunhas mulleres pola emancipación feminina: a loita por liberarse da servidume da tutela dos varóns. Esta loita rematou cando os países recoñeceron a igualdade ante a lei (a igualdade xurídica) entre os homes e as mulleres. Isto non ocorreu definitivamente na maioría dos países occidentais ata 1970.

CONCLUSIÓN

A emancipación da muller é a revolución social (unha revolución silenciosa e sen derramamento de sangue) máis trascendental de todo o século XX (e unha das máis importantes de toda a historia da humanidade). Sen embargo, como todos sabemos, só moi poucas mulleres no mundo poden disfrutar da súa recen estreada liberdade e igualdade. Esas mulleres son as privilexiadas que viven nos desenrolados e socialmente avanzados países occidentais. Pero non todas poden gozar dos seus dereitos en igualdade de condición que os homes porque en moitos sectores sociais (fundamentalmente nos estratos máis humildes da sociedade, con menos recursos e sobre todo menor educación) a crenza nesta igualdade aínda non é unha realidade e están moi estendidas as actitudes de desprezo e rexeitamento de esta igualdade.

Lección 3ª - A loita pola democracia

Cando as sociedades acadan un determinado nivel de complexidade, requiren de alguén que as dirixa. É por iso polo que as sociedades invisten a algúns dos seus membros como gobernantes e lles recoñecen o dereito a mandar (lles otorgan autoridade ou poder político).

As primeiras sociedades humanas, as sociedades de cazadores e recolectores da prehistoria eran tan pequenas e simples que non requirían que ninguén as gobernase nin as dirixira. Eran sociedades sen xefes (as sociedades sen gobernantes as chamamos “sociedades acéfalas”; “acéfalo” significa sen cabeza e se aplica a ese tipo de

sociedades porque os gobernantes o dirixir o grupo cumpren analoxicamente a función que ten a cabeza rectora nun organismo).

Pero co nacemento da civilización, xorderon as cidades e as sociedades se fixeron moito máis grandes e complexas, requirindo por iso xefes. Normalmente, os xefes pertencían a algún liñaxe especial e exercían a súa autoridade ou poder sen límites dun modo despótico. O longo da historia da humanidade, a práctica totalidade das sociedades foron gobernadas por este tipo de xefes.

Pero houbo unha excepción: no século V a. C. naceu en Grecia unha nova forma de goberno, o autogoberno. As cidades gregas, as polis das que tanto nos falan na asignatura de historia, e os seus habitantes, os cidadáns, decidiron que non querían xa delegar o poder nun mandóns profesionais para que lles gobernasen senón que ían a autogobernarse a si mesmos. Acababan de inventar a democracia. Na Antigüidade. O autogoberno democrático soamente o acadaron algunhas polis gregas e por breves períodos de tempo (un século e medio máis o menos, dende o 500 a.C. ata o 350 a. C.). A democracia máis duradera do mundo antigo foi a República romana.

Nos primeiros anos da nosa era, alá polo ano 35 a.C. a democracia desapareceu da faz da terra cando a República romana se transformou no Imperio romano (Roma deixou de ser unha democracia gobernada polos seus cidadáns e pasou a converterse nun gran Imperio gobernado por un rei, o Emperador). Esta situación mantívose durante séculos ata que a democracia renaceu no mundo moderno. As datas clave son:

-1689, Inglaterra se converte na primeira monarquía constitucional da historia.

- 1776, nacemento dos Estados Unidos de América.

- 1787, redacción e aprobación da Constitución de Estados Unidos.

Dende os Estados Unidos, a democracia estendeuse por todo o mundo (Francia foi o primeiro lugar onde chegou e o desexo de implantar un réxime democrático e o que desencadeou a Revolución francesa) nun largo proceso, aínda non rematado, de máis de dous séculos (o noso país, España, so se democratizou definitivamente en 1978).

Que é hoxe en día a democracia? Imos intentar explicar que entendemos hoxe por autogoberno. O primeiro que temos que saber é que a democracia de hoxe en día non se parece en nada a democracia da Antigüidade.

En que consiste para nos actualmente o autogoberno democrático? Nestes tres principios (estes son os tres pilares da democracia):

1º principio, a Constitución: a nosa democracia é unha democracia constitucional. Se un país non ten unha constitución, non é unha democracia. A invención da constitución é a gran aportación de Inglaterra e Estados Unidos a democracia moderna. Que é unha constitución? A lei fundamental dunha nación, a lei máis importante dun país. Por que é tan importante ter unha constitución para vivir en democracia? Por tres razóns:

As constitución poñen límite o poder dos gobernantes. Un país con constitución non será nunca gobernada por tiranos.

As constitucións establecen cal é o obxectivo último do Estado: a defensa dos dereitos do individuo (o dereito a vida, o dereito a seguridade, o dereito a propiedade e o dereito a liberdade). A estes dereitos constitucionais tamén os coñecemos co nome de “dereitos humanos”.

A constitución dun país determina tamén o modo concreto cómo se exerce o autogoberno (establece cales son os poderes do Estado, executivo, lexislativo e xudicial, cales son as súas competencias e os requisitos que deben cumprir as cidadáns para poder ocupar as súas

correspondentes maxistraturas como xefe de goberno, ministro, deputado, senador o xuíz).

2º principio, o dereito o sufraxio: todos temos dereito a participación política e por iso temos o dereito ó voto. Cando se acadou o dereito ó voto? Quizais cando se redactaron as primeiras constitucións al polo século XVIII? Non. A maioría de países con constitucións, por exemplo Inglaterra, non recoñecía o dereito o voto mais que a unha minoría selecta de cidadáns, os que tiñan propiedades. O único caso excepcional no que tódolos cidadáns podían votar era Estados Unidos (pero isto tampouco era del todo certo porque os integrantes das minorías raciais como os negros, chicanos ou hispanos e indíxenas amerindios non podían votar, e tampouco as mulleres nin os inmigrantes). Cando se acadou definitivamente o dereito o voto para todos os cidadáns sen distincións? Convencionalmente podemos dicir que isto logrouse a finais do século XIX (Francia foi o primeiro en acadar o sufraxio universal en 1848; Inglaterra o acadou en 1873; en Estados Unidos os negros, aínda que se lles recoñecía o dereito o voto dende 1870, non lograron votar de feito en moitas zonas do país ata a década dos sesenta do século XX; España o logrou en 1978 despois de que chegara o seu final a ditadura do xeneral Franco).

3º principio, o dereito a xustiza social: esta é a conquista mais recente da democracia pois hoxe en día consideramos que unha sociedade non é democrática se non se cumpren uns mínimos de xustiza social. En que consiste esa xustiza social?

-No dereito a saúde (a asistencia sanitaria universal, gratuíta e de calidade).

- No dereito a educación.

- No dereito a un traballo xustamente remunerado.

- No dereito a unha vivenda digna (e indispensable para poder ter e gozar do dereito a intimidade).

- No dereito a protección social: o dereito a que a sociedade a través do Estado me axude (me protexa) en caso de que sufra o desemprego (quede no paro), enfermidade, invalidez ou vellez (calquera de estas tres posibles circunstancias imposibilitárame traballar e gañarme a vida por mi mesmo). Nestes casos o Estado concédelle o individuo un subsidio (en caso do desemprego) ou unha pensión (en caso de enfermidade, invalidez ou xubilación por razón de idade).

UNIDADE 4º - A DIGNIDADE HUMANA E OS DEREITOS HUMANOS

De que imos falar nesta unidade? Fundamentalmente dos dereitos humanos. Dende que somos pequenos, escoitamos moitas veces os adultos que nos rodean (os nosos pais, os nosos mestres ...) e tamén na televisión (nos telexornais, en documentais ou en películas) que todos os seres humanos temos dereitos, uns dereitos que ninguén nos dou senón que os posúemos dende o momento do noso nacemento: dereito a vida, dereito a vivir en paz e sen medo (sentíndonos seguros), dereito a escoller a maneira de vivir, dereito a traballar e a gañarse honradamente a vida, dereito a contraer matrimonio con quen nos elixamos, dereito a fundar unha familia, dereito a poder ter as miñas propias crenzas e poder

expresalas en público, dereito a non ser detido arbitrariamente, etc. A todos estes dereitos os denominamos hoxe en día “dereitos humanos” (esta denominación, a de “dereitos humanos” a estableceu a ONU na “Declaración universal dos dereitos humanos” en 1948; antes a estes dereitos se lles denominaba “dereitos do home” e na época anterior o mundo moderno, na Antigüidade e na Idade Media, “dereitos naturais”).

Que son os dereitos humanos? Por que os seres humanos temos, nacemos con estes dereitos? Para comprender o que son os dereitos humanos e que significa que os temos dende o momento do noso nacemento, debemos primeiro entender claramente o que non son. Expliquémonos. Todos nos temos “dereito a vida” e o temos dende que nacemos. Tamén todos nos temos fígado e o temos dende o noso nacemento. Sen embargo, os temos dende o momento do nacemento dun modo moi diferente. Vexamos por que. A principal confusión cos dereitos humanos e que a xente cre que os dereitos se posúen como calquera outra propiedade (por exemplo ter dúas pernas ou ter fígado) que teña o ser humano. De aí que a maioría da xente pense que os dereitos se teñen como se teñen fígado, riles, ollos ou pernas. E aquí está o equívoco. Os seres humanos temos fígado e temos “dereito a vida” pero os temos en dous sentidos moi distintos. Temos fígado por pertencer a unha especie zoolóxica, a especie humana (nun sentido biolóxico). Pola contra, temos “dereito a vida” por pertencer a humanidade (a especie humana nun sentido moral).

Para entender todo isto mellor imos ir contestando toda unha batería de preguntas:

Que é o que nos fai membros da especie zoolóxica humana? O noso código xenético.

Que somos en tanto que membros desa especie zoolóxica? Simplemente animais.

Cal é o noso valor en tanto en canto animais? Ningún xa que como animais non valemos nada.

Que é o que nos fai membros da humanidade, da especie humana nun sentido non zoolóxico senón moral? O feito de ser persoas, de non ser animais, mellor dito (xa que dende Darwin todos sabemos que de feito somos animais) o feito de ser algo máis que meros animais.

Por que somos algo máis que meros animais? Porque as persoas non somos cousas. Todos os animais son cousas, cousas vivas certamente, pero cousas. Os homes, pola contra, polo feito de ser persoas non somos cousas.

Cal é o noso valor por ser persoas? Se como animais non valemos nada (os animais poden chegar a ter valor económico pero non valor moral), como persoas o noso valor é absoluto. Por iso podemos dicir que con todo o diñeiro do mundo non podemos comprar unha vida humana xa que a vida de ningún home ten prezo.

Cal é a palabra coa que designamos o valor absoluto dos seres humanos? Dignidade. E por iso polo que dicimos que os seres humanos non teñen prezo senón dignidade.

Agora a pregunta que nos temos que facer é a de máis difícil resposta. **Por que somos persoas? Por que temos dignidade? Por que non somos cousas?** Os seres humanos somos persoas porque somos intelixentes. Pero moito coidado. A intelixencia humana serve para moitas cousas distintas e so un uso dela nos converte en persoas. Expliquemos isto. Os seres humanos grazas a nosa intelixencia podemos crear, inventar os máis fabulososartiluxios (por exemplo, unha nave espacial coa que viaxar a lúa). Pero polo feito de ser intelixentes nese sentido seguimos sendo so unha cousa, non unha persoa (non deixamos de ser animais, animais moi inxenosos pero animais ao fin e o cabo). Tamén grazas a nosa intelixencia somos capaces de resolver os máis abstrusos problemas matemáticos,

pero tampouco iso nos converte en persoas. Debido a que temos intelixencia, podemos explicar os enigmas do Universo (por exemplo, sabemos que as estrelas do firmamento non son puntíños de luz senón soles, algunhas delas moitísimo máis grandes co noso sol). Pero tampouco ser intelixentes nese sentido nos converte en persoas. Entón, **por que dicimos que somos persoas por ser intelixentes?** Porque a intelixencia humana pode servirnos para outra cousa máis e esa outra cousa é a que nos converte en persoas, a que fai que non sexamos so animais, a que nos fai dignos. **Cal é ese uso da intelixencia?** Temos intelixencia para ser libres.

Falemos agora dos dereitos humanos.

Que son? Os dereitos humanos establecen:

1º que todos os homes somos persoas.

2º que polo feito de ser persoas, todos temos dignidade.

3º que todos temos a mesma dignidade e por iso somos iguais establecendo

4º as condicións que se teñen que dar para poder vivir con seguridade, xustiza e liberdade.

Imos afondar un pouco máis na comprensión do que son os dereitos humanos. Os dereitos humanos recoñecen a nosa humanidade (que somos persoas con dignidade, que non somos cousas con prezo) é a nosa singularidade (a nosa liberdade). Ademais, establecen as condicións mínimas (sociais, políticas,económicas...) para poder vivir dignamente (cun mínimo de benestar e civilizadamente, cuns mínimos de xustiza, democracia e liberdade). Os dereitos son exixencias que os individuos lle fan o Estado e á sociedade no seu conxunto. Unha esixencia é unha reclamación lexítima, isto é, xusta e intelixente.

Que lle esiximos ó Estado e á sociedade? Que nos recoñeza como persoas e nos trate como tales. Fundamentalmente, que respecte a nosa vida e a nosa liberdade. Pero tamén lle esiximos o Estado que faga todo o necesario para que podamos vivir nunha sociedade xusta (unha sociedade igualitaria e democrática, en que ningún de nos sexa excluído), cuns mínimos de benestar material e cun grado óptimo de seguridade.

En síntese, os dereitos humanos

Que son? Esixencias lexítimas que os individuos lle poden facer a sociedade e o Estado.

Cal é a súa orixe? A nosa condición de persoas con dignidade

Quen son os seus titulares (os lexítimos propietarios deses dereitos)? Os individuos (non os colectivos: as nacións, os pobos, as razas, as Igrexas non teñen dereitos neste sentido)

A quen van dirixidos, a quen reclamamos os dereitos? A sociedade e ao Estado

Cales son os principais bens ou valores que recoñecen?

a vida e a integridade física

a seguridade: a vivir nunha sociedade con baixos niveis de violencia e a disfrutar de seguridade xurídica (a violencia pode proceder tanto das mafias, dos matóns profesionais, como do Estado, de corpos policiais corruptos ou as ordes de gobernantes despóticos).

a igualdade: a non ser discriminado e a vivir nunha sociedade en que todos os cidadáns teñen os mesmos dereitos e deberes.

a liberdade: de crenzas, de expresión, de forma de vida, de asociación e reunión, de movemento.

a xustiza e ao benestar: de vivir nunha sociedade democrática, de ter un traballo xustamente remunerado, de ter protección social en caso de non poder traballar, e de recibir os servizos fundamentais de saúde e educación).

Aclaracións finais: Non debemos confundir os dereitos humanos, os **dereitos morais das persoas**, cos **dereitos legais**, os dereitos xurídicos promulgados e respaldados polo Estado vixentes nun país. Temos que ser capaces de entender que existen dous tipos de dereitos moi diferentes: os dereitos morais das persoas ou “dereitos humanos” (dos que acabamos de falar mais arriba) e os “dereitos legais”. Un dereito legal é por exemplo o dereito que en España teñen os fillos de herdar os bens dos seus pais. Os dereitos legais non os temos dende que nacemos senón que son adquiridos. Non son tampouco “esixencias” senón mais ben “concesións” que a sociedade e o Estado lle fai o individuo dándolle permiso para facer algo ou outorgándolle algunha clase de graza ou prerrogativa (como por exemplo, a os fillos a herdar dos pais). Os dereitos legais do mesmo modo que se adquiren se poden perder. Os dereitos morais, polo contrario, son inalienables (ninguén pódexos quitar, nin a sequera o Estado; se se atrevera a facelo, o Estado esta cometendo un crime, un crime de “lesa humanidade”). O que pode pasar é que un país converta os dereitos morais das persoas en dereitos positivos, e dicir, en dereitos recoñecidos legalmente por un Estado e con forza de lei. Cando isto sucede, estes dereitos morais adquiren o máximo grado xurídico sendo incorporados o texto constitucional e adquirindo o estatuto de **dereitos constitucionais**.

FOTOCOPIA DA DECLARACIÓN UNIVERSAL DOS DEREITOS HUMANOS

UNIDADE 5º - OS DEBERES DOS CIDADÁNS

Na última unidade estivemos falando dos dereitos, daqueles dereitos que chamamos “dereitos humanos”. Explicamos que son, cal é a súa orixe, quen son os seus titulares, a quen van dirixidos e, finalmente, cales son os bens ou valores que protexen.

Falemos agora dos deberes. Dende que somos pequenos, escoitamos os adultos que nos coidan (os nosos pais, os nosos abos, os nosos mestres, os nosos veciños...) que non so temos dereitos senón que tamén temos deberes, que os dereitos e os deberes están inextricablemente unidos, que son como as dúas caras dunha mesma moeda. E certamente os temos, sendo o primeiro deber o relativo os dereitos dos que acabamos de falar. Referímonos como ben podemos imaxinar ao deber de respectar os dereitos dos demais.

Que son os deberes? Un deber é unha obriga, algo que teño que facer me guste ou non me guste. Expliquemos isto. A acción humana é causada polo desexo. E por iso polo que en principio os seres humanos so farían aquilo que desexan facer. Por exemplo: xogo un partido de fútbol porque me gusta xogar a fútbol, vexo un programa de televisión porque me apetece velo, non saio os fins de semana cun compañeiro de clase porque non me apetece xa que non me cae ben, etc. O desexo é o que move as nosas vidas. Ninguén fai o que non desexa facer e se alguén fixera o que non quere facer, entón é que está tolo.

Que son os deberes? Paradóxicamente polo que acabamos de contar, un deber é algo que teño que facer aínda que non me apeteza facelo.

Como aprendemos cales son os nosos deberes? O individuo vai coñecendo os seus deberes progresivamente, pouco a pouco. Dende a primeira infancia, nolos transmiten o noso entorno social: en primeiro lugar, os nosos pais, e o resto da nosa familia; en segundo lugar, os nosos iguais, os nosos amigos e compañeiros; en terceiro lugar, os mestres da escola onde nos formamos e preparamos para a idade adulta; en cuarto lugar, os meus veciños xa sexan as persoas do meu barrio ou da miña aldea; en quinto lugar estas os concidadáns da nosa localidade; e tamén, nun horizonte final, poderían aparecer os nosos compatriotas, incluso a humanidade enteira.

Como se denomina o aprendizaxe dos deberes por parte das persoas? O seu nome e educación (tecnicamente o nome é “socialización”). Cando somos educados, o noso entorno social ensínanos moitas cousas: a suma, a ler, a escribir, que América foi descuberta por Colón ou que beber augarrás é perigoso, etc.

Cales son as cousas máis importantes que nos ensinan? De tódalas cousas que aprendemos, as máis relevantes son as que concirnen os nosos deberes.

Para que serven os deberes? Algúns comparan a vida en sociedade cos xogos, por exemplo co xogo do fútbol. Para xogar a un xogo hai que coñecer as súas regras. As regras do xogo do fútbol por exemplo son as seguintes. A primeira e máis importante é a que determina o fin do xogo, meter balóns na portería contraria e non metelos na propia. Outras regras do xogo son non tocar o balón coa man a excepción do porteiro que si pode facelo ou que unha xogada é invalidada se hai fora de xogo. A vida en sociedade é xogar a un xogo, o xogo da vida social, o xogo da convivencia e a cooperación social, un xogo que ten as súas propias regras. Igual que hai que cumprir as regras dun xogo para poder xogalo (o xogo do fútbol sería absurdo se os xogadores non intentasen meter gol na portería contraria, tocasen a pelota coa man, etc.), vivir en sociedade só é posible se cumprimos coas regras da vida social. Pois ben, os deberes dos que antes falábamnos son xustamente esas regras.

Cales son os nosos deberes sociais (os nosos deberes como cidadáns)? Temos que ter moi presente o que agora imos explicar xa que se non cumprimos os nosos deberes como cidadáns (e como persoas), a vida social tornaríase imposible. O noso primeiro e máis importante deber é cumprir coas leis. Este deber é tan imprescindible que a principal función do Estado é, ademais de facer as leis, controlar que os cidadáns as cumpren e sancionar a aqueles que non o fan (as sancións soen ser multas ou privación da liberdade por un limitado período de tempo que en España por exemplo nunca pode ser máis de 30 anos). A razón fundamental pola que o Estado impón sancións os que incumpren as leis é a disuasión. Do que se trata é de disuadir as persoas que teñen a tentación de incumplir as leis de que non o fagan (“disuadir” é convencer a alguén de que non faga algo ameazándolle cun castigo). Esta é a razón pola que tódalas leis se acompañan dunha sanción. O noso segundo deber é pagar os nosos impostos, o diñeiro que lle entregamos ao Estado por medio da cal contribuímos os gastos públicos (seguridade social, sanidade, educación, exército e policía, administración de xustiza, etc.)

Basta con cumprir as leis e pagar os impostos para ser bo cidadán? Cumprir as leis é condición necesaria para ser un bo cidadán, pero non condición suficiente. Sigamos coa comparación do xogo do fútbol. Para ser un bo futbolista é condición necesaria cumprir as normas do xogo pero requírese algo máis. O principal que se require para chegar a ser un bo xogador e ter ganas de xogar. Imaxinemos como sería un partido en que os xogadores cumpriran escrupulosamente coas regras de xogo pero xogaran indolentemente (sen ganas). No xogo social ocorre algo moi parecido. Para ser bo cidadán non basta, non é suficiente con cumprir as leis. É necesario desexar, aspirar a xogar ben ese xogo. Cando o facemos asumimos novos deberes que realmente nos van a converter en bos cidadáns.

Cales son estes deberes extra? Fundamentalmente son tres: o deber de ser responsables, o deber de ser xustos e o deber de ser solidarios. Vexamos agora que implican estes tres deberes.

1º Como se comporta un cidadán responsable? Ser un cidadán responsable é ser un cidadán activo, un cidadán que non necesita que ninguén lle empurre para obrar ben senón que o fai por propia vontade, de motu propio. É algo moi parecido, a cidadanía responsable, o que é ser un estudante responsable: un estudante responsable é aquel que estuda por afán de aprender non de sobresaír; o bo estudante é aquel que axuda os compañeiros que o necesitan pero que endexamais lles permite copiar, porque copiar é facer trampas; un estudante responsable é aquel que é educado cos profesores pero que endexamais é un pelota.

Glosario:

Civismo: respecto e consideración polos demais.

Responsabilidade: actitude de aquel que cumpre coas súas obrigas non por medo a unha sanción senón de motu propio.

2º Que é ser un cidadán xusto? O adxectivo “xusto” é unha palabra que utilizamos normalmente para calificar as leis, os gobernos e a orde social. Por iso dicimos que é inxusta unha lei que discrimina as mulleres, ou poden os veciños de Barro considerar que é inxusto o decreto de expropiación das súas fincas e das súas casas promulgado polo goberno autonómico dentro do seu plan e proxecto para facer unha autovía que una Vilagarcía coa capital da provincia, Pontevedra. Tamén solemos dicir que a orde social dalgúns países do Terceiro Mundo é inxusta polas enormes desigualdades sociais que existen: unhas poucas persoas acaparan toda a riqueza dun país mentres a maioría da poboación vive na máis absoluta miseria (isto é así por exemplo en Haití, en Bolivia, en Nixeria ou en Myanmar). En que sentido utilizamos a palabra “xusto” cando con ela calificamos o comportamento dun cidadán? O que temos que saber é que, en xeral, a xustiza é unha forma de igualdade necesaria que debe rexer nas relacións sociais. Por iso, unha lei é xusta cando é equitativa e imparcial. No caso dun bo cidadán, dun cidadán que quere ser xusto nas súas relacións cos demais, do que se trata é de que sexa equitativo e imparcial nas súas decisións que poden afectar a outras persoas. E dicir, se trata de que se contemplan os intereses dos demais en igualdade de condicións que os propios. Exemplos: 1º na miña familia educáronme dun modo distinto que os meus irmáns e comezo xa dende rapaza a comportarme como unha persoa xusta (como unha cidadán xusta) cando protesto ós meus pais de que non fagan que os varóns da familia asuman as obrigas domésticas do mesmo modo como o teñen que facer as femias. 2º compórtome como un cidadán xusto cando no instituto trato con ríspeto e sen discriminacións a tódolos meus compañeiros (tamén a aqueles que están nunha situación desfavorecida: por ser rapazas, por ser xitanos, por ter algunha minusvalía física, por ser inmigrante, por proceder dunha familia con poucos recursos económicos, ou simplemente polo feito de non ser o simpático e “guai” da clase senón impopular. 3º de novo, no ámbito familiar, dentro do matrimonio os pais se comportan como persoas xustas cando os esposos se tratan como iguais. 4º no ámbito da escola, un alumno se comporta como un cidadán

xusto cando protesta por algo que considera que non é correcto, por exemplo, cando protesta ante a dirección polo feito de que un profesor non da clase aínda que aproba a tódolos seus alumnos, incluso con boas notas. 5º un último exemplo do ámbito laboral: un cidadán xusto é aquel que non aceptaría que ningún compañeiro poida ser tratado polo seu xefe inxustamente, por exemplo sendo humillado ou sendo explotado aínda que a súa protesta poida reportarlle problemas como impedirle acadar un ascenso ou un aumento do soldo.

3º Que é ser un cidadán solidario? O termo “solidario” é un termo xurídico que significa “completo”. Este termo acompaña a palabra “responsabilidade”. Por iso, no ámbito das leis fálase de “responsabilidade solidaria”. Pois ben, nos utilizamos o termo “solidario” no sentido de que temos unha responsabilidade moral respecto as demais persoas, sobre todo con aquelas que sofren ou padecen e que non poden por si mesmas resolver os seus graves problemas. O cidadán solidario é aquel que axuda a aqueles que máis o necesitan.

UNIDADE 9 – A DEMOCRACIA

FOTOCOPIA – QUE É A XUSTIZA? COMO FUNCIONA? QUEN A IMPARTE?

Aproveitando que o xoves da semana pasada viñeron o noso instituto dúas fiscais de menores de Pontevedra a falarnos do funcionamento do sistema xudicial do noso país, imos comezar a explicación do que é unha democracia, unha sociedade democrática, falando da xustiza.

O “sistema xudicial” (a que tamén podemos chamar “a xustiza”) é o poder do Estado encargado de aplicar as leis. Na democracia, as leis as elaboran os representantes dos cidadáns (chamados deputados e senadores) no parlamento (en España, o parlamento chamase “As Cortes”). O sistema xudicial está integrado polos xuíces que son os encargados de xulgar e por todos os demais funcionarios que traballan na administración de xustiza (dende os fiscais ata os axentes xudiciais, pasando polos secretarios xudiciais, axentes xudiciais e os membros dos corpos de seguridade do

estado, e dicir, os policía). O sistema xudicial cando aplica as leis realiza dúas funcións moi importantes:

1º función: sanciona as persoas que infrinxiron algunha lei. Xa sabemos que moitas leis establecen obrigas e prohibicións. Por medio de estas leis, o Estado da ordes os seus cidadáns (por exemplo, a lei de educación da a orde os meus pais de que teñen que levarme o colexio ata os dezaseis anos). A Xustiza encárgase de determinar se un cidadán incumpriu as ordes que lle da o Estado e de impoñerlle a sanción correspondente en caso de que a resposta sexa afirmativa. As sancións máis usual consiste en pagar unha multa. Cando a infracción é mais grave que unha simple falta, e dicir, cando se comete un delito, a sanción pode chegar a consistir na privación temporal da liberdade de movemento (e dicir, en ser encarcerado). As veces, en casos moi particulares se impoñen outro tipo de sancións distintas (como por exemplo sucede cando os pais non coidan ben os seus fillos; nese caso, o Estado pode retirarlles a “patria potestade”, o exercicio da tutela efectiva dos seus fillos). Non esquecemos que o Estado da estas ordes porque ten que velar e facer posible a convivencia e a cooperación pacífica dos cidadáns.

2º función: resolve os conflitos que se poden producir dentro da sociedade. Para logralo, tamén se aplican as leis, leis que non dan ordes senón que son receitas preconcebidas para solucionar un problema. Un exemplo desta función das leis a temos nas leis de divorcio que regulan como teñen que separarse e disolverse os matrimonios.

Falemos agora da sociedade democrática. Para nos, unha sociedade democrática é sinónimo dunha sociedade verdadeiramente civilizada, e dicir, dunha sociedade humanizada, feita a medida do ser humano, da súa dignidade e das súas verdadeiras necesidades (aquí estamos usando a palabra “civilización” nun sentido moral, non cultural; utilizamos o termo “civilización” nun sentido cultural para referirnos a unha sociedade cun certo grao de desenvolvemento cultural e por iso é polo que dicimos que a primeira sociedade civilizada foi a sociedade mesopotámica do terceiro

milenio anterior a nosa era; pola contra, utilizamos o termo “civilización” nun sentido moral para referirnos o grao de respecto que nunha sociedade se ten o individuo, a súa dignidade e os seus dereitos). Dende esta última perspectiva, a moral, a maioría das sociedades que existiron no pasado e que incluso existen no presente estiveron moi pouco civilizadas. Incluso a sociedade da Grecia clásica e da Roma republicana e imperial que para nos son cumbres do desenrolo civilizatorio nun sentido cultural foron sociedades nalgúns respectos sumidas na barbarie: practicaban a escravitude, as mulleres eran consideradas seres de natureza inferior os homes ou disfrutaban con actos de crueldade pública (martirizaban os enemigos do Estado como os cristiáns no circo, torturaban e mutilaban os que cometían algunha infracción, nas execucións infamantes como a crucifixión se intentaba facer todo o dano posible o reo de morte, etc.).

Imos intentar entender agora como hai que ordenar unha sociedade para facela democrática. Normalmente cremos que para que unha sociedade sexa democrática basta con que nela se vote e se faga o que decida a maioría. É certo que nas sociedades democrática o voto e unha das principais formas de participación dos cidadáns no autogoberno e que o mecanismo que normalmente se utiliza para tomar finalmente unha decisión sobre calquera asunto é o das maiorías (xa que acadar a unanimidade en calquera asunto é moi difícil, case imposible). Votar e facer o que prefere a maioría é un modo de poder decidir que facer cando non se chega a un acordo unánime e polo tanto votar é necesario para o funcionamento da sociedade democrática, para que esta non quede paralizada, pero non é a esencia da democracia (nunha democracia perfecta, na democracia ideal que so pode existir nas nosa mentes, non se votaría endexamais porque os acordos se acadarían sempre por unanimidade tras unha discusión aberta a todos os membros da comunidade, sen exclusións de ningún tipo, na que participarían activamente todos os individuos, na que se discutirían todas as posibles alternativas e na que se dilucidaría cal de elas é a mellor, a mellor para todos, opción que, finalmente, todos apoiarían sen dúbida algunha).

Imos explicar agora cal é e en que consiste a esencia da democracia:

1º punto: unha sociedade democrática require estar organizada politicamente como un Estado, e dicir, dentro da sociedade so pode existir unha única, suprema e última autoridade: o Estado. O Estado foi creado polos reis no inicio da idade moderna (no século XVI) para ter un control absoluto do seu reino, do seu territorio e dos seus vasallos (principalmente dos señores feudais que durante toda a idade media “camparon a sus anchas”, e dicir, fixeron o que quixeron porque os reis da época eran incapaces de sometelos o seu poder). Para lograr este control total é polo que, coa axuda da xente que vivía nas cidades, os burgueses, crearon unha gran maquinaria coa que exercer a súa autoridade: a gran organización estatal (formada principalmente por dous exércitos moi ben organizados: un exercito de soldados e outro exército de funcionarios). Ó final do século XVIII e durante a primeira metade do século XIX producíronse unha serie de revolucións tralas cales os Estados se foron progresivamente, pouco a pouco, democratizándose e poñéndose o servizo dos cidadáns (das revolucións que acabamos de falar as máis importante foron a revolución da independencia dos Estados Unidos e a revolución francesa).

2º punto: unha sociedade democrática é unha sociedade na que o Estado se constitúe como “Estado de Dereito”, e dicir, para vivir nunha sociedade democrática non basta con ter un Estado senón que este Estado ten que ser “de Dereito” (os países que había en Europa nos séculos XVI, XVII e XVIII como Francia, España, Portugal, Polonia ou Suecia eran xa Estados pero “Estados absolutistas” non democráticos xa que o rei tiña todo a autoridade, o poder absoluto). Que é un “Estado de Dereito”? Non so un Estado con leis (con dereito) senón un Estado no que rexe o “Imperio da lei” (o que os ingleses chaman “rule of law”, o goberno das leis). Que é o “Imperio da lei”? Unha sociedade na que a autoridade última e suprema resida nas leis (no ordenamento xurídico), unhas leis que teñen que estar feitas polos representantes lexítimos dos cidadáns reunidos

solemnemente en sede parlamentaria e que deben ser cumpridas non so polos cidadáns senón aínda en maior medida polos gobernantes e por toda a gran maquinaria administrativa estatal (por todos os organismos e funcionarios do Estado). Esta é a primeira condición para que unha sociedade poda chegar a ser democrática. Cales foron os primeiros países do mundo en que rexeu o “Imperio das leis”? Os países anglosaxóns, e dicir, Gran Bretaña e Estados Unidos (Inglaterra dende os tempos da “revolución gloriosa non sanguenta”, e dicir, dende 1688, e os Estados Unidos dende a súa independencia da metrópole inglesa en 1776). Esta é a súa maior achega a historia da democracia.

3º punto: o ordenamento xurídico, as leis, dunha sociedade como a nosa é complexísimo. Sen embargo, todo o ordenamento xurídico se sustenta nunha lei principal que en certa medida o sintetiza: a Constitución. A Constitución é a lei fundamental dun país, a lei de leis. A Constitución é un gran acordo (un pacto ou contrato) que fan libremente en condicións de igualdade os cidadáns dunha sociedade que queren organizarse libremente e democraticamente. Neste acordo, os cidadáns establecen cales son os seus dereitos e deberes recíprocos. Tamén na Constitución, establécese cal será a estrutura do Estado para que este se poña o servizo das necesidades dos seus cidadáns. É por isto que todas as Constitucións teñen dúas partes: nunha primeira parte, se recollen os dereitos e liberdades fundamentais dos cidadáns; nunha segunda parte, establécese a estrutura dos poderes do Estado.

4º punto: os dereitos e liberdades fundamentais que deben ser recoñecidos constitucionalmente deben ser similares os que aparecen na Declaración Universal dos Dereitos Humanos da ONU; dereitos e liberdades civís, dereitos políticos, sociais, económicos e culturais.

5º punto: nas Constitucións tamén se establece como hai que ordear o aparato estatal, o Estado. Non debemos esquecer que a única función que ten o Estado democrático é que as leis que promulga e fai cumprir recoñezan e protexan os dereitos (e deberes) constitucionais dos

cidadáns. ¿Como se pode conseguir isto? A fórmula é a división de poderes, trocear o poder do Estado:

1º A potestade do Estado de facer leis queda constituído como poder legislativo independente. Os seus membros reúnen solemnemente nunha cámara específica chamada parlamento (en España, Cortes). Os deputados teñen que ser representantes dos cidadáns libremente elixidos por eles en eleccións periódicas (cando votamos para elixir representantes, votar si e parte da esencia da democracia). No parlamento, os nosos representantes deciden cales van a ser as leis vixentes na nosa sociedade. Esas leis non son as que prefere a maioría en virtude dos seus intereses particulares senón aquelas que son boas para o interese xeral, común, compartido, dos cidadáns. Por iso, no parlamento, os deputados teñen que deliberar e intentar poñerse de acordo, e dicir, intentar acadar un consenso sobre os asuntos que tratan. Como finalmente moitas veces non se poñen de acordo e non se acada o consenso sobre os asuntos que se tratan, os deputados votan e se fai o que decide a maioría).

2º O segundo poder do Estado é o executivo. O executivo é o poder do Estado que realmente xestiona a maquinaria administrativa estatal e polo tanto a que goberna, a que dirixe a sociedade. Nunha sociedade democrática se esixe que os gobernantes fagan cumprir as leis e, sobre todo, que eles mesmos cumpran as leis non podendo facer nada fora dela. Cando nunha sociedade os gobernantes fan o que as leis mandan, díxese que se cumpre o “principio de legalidade” e que o Estado é un “Estado de Dereito”.

3º O último poder do Estado é o poder xudicial. A función dos tribunais é aplicar as leis para resolver os conflitos e para determinar que infracción das leis puido cometer un cidadán e que sanción lle corresponde. Nunha sociedade democrática, os xuíces se constitúen como un poder xudicial independente. Isto significa que os xuíces so se deben a lei e non están sometidos as ordes que lles puideran dar os gobernantes. A existencia

dun sistema xudicial independente garantiu o imperio da lei e que o Estado respete e vele polo cumprimento dos dereitos e deberes dos cidadáns.

6º punto: unha sociedade democrática está integrada por cidadáns responsables, e dicir, comprometidos activamente co bo funcionamento da sociedade.